Para fomentar a creatividade literaria das persoas que estudan nos centros de ensino da comarca, o Concello de Verín, coa colaboración de GADIS, convoca o Certame de Relato Curto Antonio Fernández Pérez.

BASES:

1.ª Poderán participar persoas matriculadas en Primaria (5º ou 6º), 1º e 2º de ESO, e 3º e 4º de
ESO
en calquera dos
centros
da
comarca de Verín

.

2.ª O relato será orixinal, inédito, con tema e estilo libre, escrito en galego; presentarase cun títulolo
e un
pseudónimo;
a extensión
non superará
os
2800 caracteres
(un DIN A4, escrito por unha cara, con tipo Times New Roman de corpo 12, marxes estándar [2 cm] e un entreliñado de espazo e medio)
.

3.ª A fase de preselección realizarase segundo o criterio de cada centro participante, que poderá enviar á fase de selección un
máximo de 3 relatos
, creados por persoas distintas matriculadas no centro,
en cada unha das tres categorías
.

4.ª Cada un dos relatos preseleccionados en cada centro enviaranse a cultura@verin.gal, antes das 12 h do 6 de maio
, en ficheiro en formato
PDF
que se denominará co
PSEUDÓNIMO
(utilizado pola persoa autora) seguido de
_P56
(se é de Primaria)
, _E12
(1º e 2º de ESO) ou
_E34
(3º e 4º de ESO).

5.ª O Xurado Cualificador estará composto por persoas con dereito a voz e voto, propostas pola Concellería de Cultura e Educación do Concello de Verín, e por un secretario, con voz e sen voto, que representará á organización. As súas decisións serán i napelábeis
.

6.ª Todas as persoas autoras dos traballos finalistas recibirán un diploma e un lote de libros.

7.ª En cada unha das tres categorías entregaranse os seguintes premios: 90 euros (1º premio) , 60 euros (2º premio) e 30 euros (3º premio) . De estimalo o Xurado, algún poderá quedar deserto.

8.ª O Concello de Verín resérvase o dereito de publicación dos relatos premiados con dotación económica en calquera formato e sen límite de edicións. Para acreditar a orixinalidade e o feito de non estaren editados, as persoas autoras e as persoas titoras das mesmas asinarán unha declaración.

Os premios en metálico consideraranse compensación económica pola cesión de dereitos. De cada edición que se faga, as persoas autoras terán dereito a recibiren tres exemplares publicados.

9.ª Para incentivar a lectura e escritura en galego, a cada centro que presente tres traballos preseleccionados que cumpran con estas Bases entregaráselle un
bono
para adquisición de
libros
por importe de
60 euros en cada un dos niveis
nos que participe na fase final.

10.ª A organización resérvase o dereito de interpretar ou modificar estas Bases, informando aos centros participantes.

Verín, 30 de xaneiro (Día de Castelao) de 2022